Recursos e materiais	Material funxible Blogs Ordenador		
Acción 2	-Pór en valor a lingua galega na súa vertente oral a través de contacontos, xa sexan de editorias como pais/nais contadores .-Animar á lectura a través das acción da biblioteca escolar e das bibliotecas de aula. -Achegar ao alumnado a vocabularios específicos, fundamentalmente ao xogo.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aumento do número de libros editados en galego demandados polo noso alumnado.		
Responsables	Equipo de Dinamización e todo o profesorado		
Recursos e materiais	Material funxible Actividades de contacontos Libros de temática especializada, narrativos, cancioneros, etc.		

Ademais das actividades descritas anteriormente, realizaremos as que expoñemos a continuación:

- Colaborar nas actividades de dinamización lingüística do Concello de Pontevedra, potenciando a participación do alumnado nestas, ou noutras actividades promovidas durante o curso pola Xunta de Galicia e outros organismos ou institucións como a RAG.
- Facilitar, tanto ao alumnado como ao profesorado, unha escolma bibliográfica do autora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2024, Luísa Villalta, e outros recursos didácticos que se deriven con actividades dirixidas aos tres ciclos de Educación Primaria.
- Manter a liña da campaña de sensibilización á lectura en galego :
- Amosando nos expositores á vista (en colaboración co Equipo de biblioteca), as suxestións de lectura para cada nivel de EP.
- Facendo unha selección de lecturas para difundir as novidades editoriais e o coñecemento de autores en lingua galega.
- Sesións de contacontos (profesionais ou familias) e visitas de autores ou ilustradores.
- Edición da revista escolar Chorimas en galego e a difusión da mesma entre a comunidade escolar.
- Dar a coñecer a lingua galega entre o alumnado foráneo.
- Colaboración con outros centros de ensino de primaria e realizar actividades telemáticas ou escritas comúns.

- Difusión das nosas actividades no blog “A Palavra Saborosa” mediante o uso das novas tecnoloxías, dinamizándoo con novos recursos e coa actualización das actividades realizadas: <http://endlmarcosdaportela.blogspot.com.es/>.
- Potenciar a transmisión idiomática e a creación literaria en galego entre alumnado e familias.
- Dinamizar o blog de escrita creativa enlazado con A Palavra Saborosa, a través de googledocs.
- Potenciar as actividades artísticas en lingua galega: o teatro, a canción, as regueifas, o recitado e a narración.

17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

17.1 CONSTITUCIÓN DO DO

Nome Xefe/a	
Roberto Cousido Martínez	Orientador
Nome membros	Nivel/Especialidade
Guillermo Meijón Couselo	Orientador
Concepción Martínez García	Mestra especialista P.T.
M ^a Dolores Froján Martínez	Mestra especialista A.L.
Inmaculada Durán Ortega	Mestra de L. Inglesa
M ^a Jesús Rial Vidal	Coordinadora 1º ciclo
Ricardo Rey Casás	Coordinador 2º ciclo
M ^a Victoria Couso Rodríguez	Coordinadora 3º ciclo

17.2 ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Para elo terase en conta a memoria do curso anterior, as actas das sesións de avaliación e a información da anterior etapa educativa e dos orientadores escolares
 As referencias ao alumnado deben ser xerais, non nominais.



Nivel Educativo	Nº Expediente	NEAE
1º	23048	Dificultades na expresión oral
1º	23028	Discapacidade / ACS / <u>Flexibilización E.I.</u> / ATE
1º	23053	Incorporación tardía ao sistema educativo
1º	23043	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
1º	23003	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
1º	23002	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
1º	23001	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
1º	23031	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
1º	23035	Dificultades na expresión oral.
1º	23006	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
2º	23055	Incorporación tardía ao sistema educativo
2º	22046	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / Vulnerabilidade socio-educativa.
2º	22010	TEA / Discapacidade
2º	22030	Discapacidade / ACS / ATE
2º	23054	Incorporación tardía ao sistema educativo
2º	21034	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / Vulnerabilidade socio-educativa.
2º	22033	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
2º	23051	Incorporación tardía ao sistema educativo
3º	20029	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
3º	21003	Dificultades de aprendizaxe
3º	20043	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / Vulnerabilidade socio-educativa.
3º	20034	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
3º	21027	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
3º	21022	Dificultades de aprendizaxe
4º	20022	Dificultades de aprendizaxe
4º	19039	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / Vulnerabilidade socio-educativa.
4º	23033	Dificultades de aprendizaxe
4º	20028	Dificultades de aprendizaxe
4º	21043	Dificultades de aprendizaxe / Repetición / ACS?
4º	19003	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / Vulnerabilidade socio-educativa.
4º	19025	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / Vulnerabilidade socio-educativa.
4º	22039	Dificultades de aprendizaxe
4º	20044	Dificultades de aprendizaxe
4º	20040	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
4º	19037	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / vulnerabilidade socio-educativa.
4º	20050	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / vulnerabilidade socio-educativa.
4º	19005	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
4º	20014	Dificultades de aprendizaxe
5º	23056	Incorporación tardía ao sistema educativo / Exención LG.
5º	18011	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / vulnerabilidade socio-educativa.
5º	23041	Dificultades de aprendizaxe / Repetición / ACS
5º	19023	Dificultades de aprendizaxe (dislexia).
5º	18028	Dificultades de aprendizaxe / Repetición / ACS
5º	18031	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
5º	19010	Dificultades de aprendizaxe / vulnerabilidade socio-educativa.
5º	19036	Dificultades de aprendizaxe / <u>TDAH</u>
5º	23052	Incorporación tardía ao sistema educativo / Exención LG
5º	19019	Discapacidade / TEA
5º	19051	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / vulnerabilidade socio-educativa.
5º	23042	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
5º	18026	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / vulnerabilidade socio-educativa.
5º	18045	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
5º	18047	Dif. de aprendizaxe / <u>Repet.</u> / vulnerabl. socio-educativa / ACS
5º	19059	Dificultades de aprendizaxe / Repetición

6º	17004	Discapacidade / TEA / Repetición
6º	17063	Dificultades de aprendizaxe / Repet./vulnerab. socio-educativa.
6º	22045	Dificultades de aprendizaxe / TDAH
6º	23039	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
6º	19001	Dificultades de aprendizaxe / Repetición / ACS
6º	17028	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
6º	18029	Discapacidade / ACS / Repetición / ATE
6º	19044	Discapacidade / ACS / Repetición / ATE
6º	20053	Dificultades de aprendizaxe / Repetición
6º	17026	Dificultades de aprendizaxe / Repetición / ACS
6º	17034	Dificultades de aprendizaxe / Repetición / ACS
Total	65	Provisionais
	Expedientes	

17.3 PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

Considéranse medidas ordinarias de atención a diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado, sen alteración dos obxectivos, dos contidos e dos criterios de avaliación:

- Adequación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adequación das programacións didácticas á realidade da nosa contorna e do noso alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos e outras medidas que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e dos instrumentos ou procedementos de avaliación para aqueles alumnos e alumnas que así o precisen.
- Desdobramentos de grupos.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais.
- Programas específicos de reforzo educativo.
- Programas de habilidades sociais.
- Reforzo educativo dirixido a un alumno ou un grupo de alumnos que coa modificación dos elementos non prescriptivos do currículo poidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Considéranse medidas extraordinarias de atención a diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da Dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha a ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

1. As **Adaptacións Curriculares**. Tal e como establece a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, as Adaptacións Curriculares defínense coma as modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación para atender as necesidades educativas dun alumno ou dunha alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. A esta definición teríamos que incluír as competencias básicas. Á hora de levar a cabo unha Adaptación Curricular teremos que ter en conta que estas medidas estarán coidadosamente programadas en función das necesidades dos alumnos e das alumnas e que terán en conta, na súa elaboración, uns criterios tanto pedagóxicos como legais que guiarán a nosa resposta educativa. Á hora de elaborar as Adaptacións Curriculares teremos en conta a seguinte normativa:
 - Orde **8 setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nas que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación.
2. Outra medida extraordinaria de atención á diversidade é o apoio do profesorado especialista en **Audición e Linguaxe e/ou en Pedagogía Terapéutica**. Significar que un apoio específico é aquela axuda a un alumno ou a un grupo de alumnos que necesitan unha atención especializada dentro do campo profesional do mestre especialista en Audición e Linguaxe ou en Pedagogía Terapéutica.
3. Outra medida extraordinaria de atención á diversidade son os **agrupamentos flexibles**. Poderanse constituír, con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da Inspección Educativa ou da delegación provincial. Polo tanto é outra medida de atención a diversidade que poderíamos adoptar o longo do curso, dividindo o grupo tendo en conta as características (nivel de competencia curricular, estilo de

aprendizaxe, complementariedade...) dos alumnos e das alumnas, realizando un traballo máis adaptado ao alumnado e favorecendo o traballo cooperativo. A programación realízaa o/a mestres/a de cada área, sendo responsable da mesma. Deberá tomar a decisión o equipo directivo.

4. Outra medida extraordinaria de atención á diversidade é a **flexibilización** da duración do período de escolarización. A lexislación citada establece que o alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización nas diferentes etapas do ensino non universitario, para o que será necesaria a autorización da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Para tal fin será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas. En Educación Infantil poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os sete de idade. En Educación Primaria poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis en Educación Infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso non se poderá permanecer na Educación Primaria máis alá do ano natural no que se cumpran quince anos de idade. Tamén é posible a flexibilización da escolaridade de alumnos con altas capacidades, tal e como establece a normativa citada.

17.4 CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN S MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

ACTUACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Asesoramento á comunidade educativa.	Todo o curso.
Asesoramento, seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares	Todo o curso.
Fomentar no alumnado as actitudes de convivencia, cooperación, habilidades sociais e de resolución pacífica de conflitos.	Todo o curso.
Elaborar informacións de materiais de atención á diversidade.	Todo o curso.
Realización da avaliación psicopedagóxica, elaboración do Informe Psicopedagóxico e a comunicación dos resultados.	Todo o curso.

Reunións coas familias do alumnado e asesoramento.	Todo o curso.
Colaborar co equipo docente na creación de obradoiros: emocións, habilidades sociais, técnicas de estudo...	Todo o curso.
Colaborar cos Equipos de Orientación Específicos solicitados.	Todo o curso.
Divulgación dos servizos externos ao centro.	Todo o curso.
Coordinación da reunión do Departamento de Orientación e elaboración da actas de reunión.	Todo o curso.
Asistencia as reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica e de Convivencia.	Todo o curso.
Asesoramento aos titores e as titoras no desenvolvemento da acción tutorial.	Todo o curso.
Seguimento, individual e grupal, do alumnado que recibe medidas de reforzo educativo e Adaptación Curricular, así como daqueles que presenten problemas de regulación da conduta e de dificultades de aprendizaxe.	Todo o curso.
Colaborar co ANPA na realización de charlas informativas sobre aspectos que afecten a educación dos seus fillos e das súas fillas.	Todo o curso.
Participar nas sesións de avaliación.	Todo o curso.
Tramitar a solicitude de becas para o alumnado que se soliciten.	1º trimestre.
Análise de necesidades en relación coa orientación: revisión de documentos (memoria anual do curso pasado do Departamento de Orientación, expedientes do alumnado...), entrevistas co profesorado e co equipo directivo	Todo o curso.
Elaboración do Plan Anual de Orientación e da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	1º trimestre.
Constitución do Departamento de Orientación.	1º trimestre.
Revisión de medidas educativas de atención á diversidade: medidas ordinariase medidas extraordinarias.	1º trimestre.

Colaboración e asesoramento na avaliación inicial.	1º trimestre.
Revisión dos programas e instrumentos de avaliación utilizados polo Departamento de Orientación.	1º trimestre.
Análise e adquisición de materiais para o Departamento de Orientación.	Todo o curso
Actualización do arquivo cos expedientes do alumnado.	1º trimestre.
Colaborar na cumprimentación do DRDadi.	1º trimestre.
Selección de materiais e de recursos para o alumnado.	Todo o curso
Orientación académica (6º de primaria).	3º trimestre.
Reunión co Departamento de Orientación do IES adscrito e a EEI	Trimestral
Elaboración da Memoria Anual.	3º trimestre.
Cumprimentación DRDorienta. Elaboración da previsión de NEAE para o seguinte curso	3º trimestre.
Actuacións que xurdan no ámbito da competencia do departamento de orientación.	Todo o curso.
Realizar propostas: participación no Plan Director	1º Trimestre
Dar a coñecer recursos materiais mediante sesións informativas nas titorías: maleta de inclusión, maleta de igualdade, maleta de matemáticas (CEFORE).	1º e 2º Trimestre.
Favorecer a colaboracións con outras institucións que desenvolvan funcións de atención á diversidade, tales como servizos de atención temperá, servizos sociais...	Todo o curso.
Elaboracións de propostas de horarios de PT / AL / ATE, así como listaxe de alumnado atendido.	1º Trimestre.

18. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a de benestar e convivencia	Nivel/Especialidade
Roberto Cousido Martínez	Orientador
Nome equipo dinamización de benestar e convivencia	Nivel/Especialidade
M ^a Victoria Calvo Güimil	Titora de 5º A
M ^a Carmen Gutiérrez Rodríguez	Titora de 3º B
Concepción Martínez García	Mestra especialista P.T.
Inmaculada Durán Ortega	Mestra de L. Inglesa

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Informar sobre a nova figura coordinadora de benestar e convivencia e a orde 23 de agosto 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Acción 1	Dar información sobre a figura de coordinador de benestar emocional nos centros docentes.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	A comunidade educativa (equipo docente, alumnado, familias, ATE-PAS) coñecen funcións relacionadas coa persoa coordinadora de benestar e convivencia.		
Responsables	Coordinador de benestar e convivencia e o equipo de convivencia.		
Recursos e materiais	Notas informativas (papel e/ou a través das TIC)		
Acción 2	Desenvolver nas obradorios e actividades de sensibilización sobre benestar emocional así como as habilidades sociais e de comunicación.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O alumnado e as titorías recoñecen a figura do coordinador de benestar emocional e identifican situacións que poñen en risco o benestar emocional e a convivencia.		
Responsables	Coordinador de benestar e convivencia e o equipo de convivencia.		
Recursos e materiais	As TIC, a biblioteca escolar.		

Para as accións a levar a cabo para cada obxectivo deberase ter en conta o seguinte:

- Actividades do plan de acollida.
- Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- Actividades para a adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.
- Actividades para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso

19. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE

Obxectivo: Desenvolver, a través de todos os estamentos do centro, os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.			
Acción 1	Valoración da situación do centro en canto a igualdade de xénero e a violencia machista		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Realizarse a enquisa/proba pertinente a todo o alumnado/profesorado do centro.		
Responsables	Equipo directivo/DO		
Recursos e materiais	Proba a pasar		
Acción 2	Revisión dos documentos e cartelería do centro para a utilización dunha linguaxe inclusiva.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Non existen no centro documentos con linguaxe sexista		
Responsables	Todo o claustro		
Recursos e materiais	Documentos a revisar		



Acción 3	Realización de obradoiros/charlas divulgativas sobre coeducación, para alumnado e familias.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Leváronse a cabo alomenos 3 obradoiros e charlas para alumnado e familias.		
Responsables	Equipo directivo/DO		
Recursos e materiais	Asociacións que traballan no ámbito da coeducación.		
Acción 4	Celebración de datas conmemorativas en relación coa coeducación.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Todas as clases participaron activamente (elaboración de murais, carteis, entrevistas...)		
Responsables	Todo o claustro		
Recursos e materiais	Material de centro		

20. PLURILINGÜISMO

Actualmente o CEP Marcos da Portela non ten seccións bilingües.

21. PLAN PROXECTA+

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa.

Plan Proxecta+: PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA	
Descrición do programa	A través deste plan titulado Ponte en acción!, intentamos fomentar no noso alumnado unha serie de valores relacionados coa práctica motriz, así como o coñecemento e inmersión na práctica de diversidade de deportes e nos beneficios que a actividade física produce.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> -Participar en diferentes actividades lúdicas e deportivas facilitando as relacións, a integración e o respecto entre iguais á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación e a solidariedade. -Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos da nosa cultura e ter unha actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de xogador. -Valorar a importancia da actividade física e do deporte como un elemento para preservar a nosa saúde e como alternativa de ocupación de tempo libre. -Aproximarse e coñecer a realidade doutras contornas, valorándoas, respectándoas e intercambiando diferentes formas de xogar, valores, etc.



	-Fomentar o xogo e o deporte, participando nalgunhas das modalidades do xogade e tamén a nivel interno no centro, así como a realización de actividade física tódolos días.		
Cursos implicados	Todos		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Aumento do alumnado que practica actividade física extraescolar. - Participación activa nas actividades propostas nos recreos. - Participación da totalidade do alumnado nas actividades XOGADE. 		
Responsables	Víctor Sousa Rodríguez Alicia Martínez Fernández Rafael Maquierira Calza		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Visitas de clubs deportivos. - Charlas de deportistas. - Liga interna de deportes. - Asistencia a xornadas deportivas (campo a través, atletismo en pista...). - Xornadas de xogos populares e tradicionais. - Convivencia deportiva con outros centros da contorna. - Visita á Asociación de Petanca O Carballo de Monte Porreiro. - Recreos activos con música. - Actividades de coordinación e ritmo: Percusión na escola - Saída en bicicleta pola contorna. 		

22. CONTRATOS-PROGRAMA

CP INCLÚE

Liña de actuación: IGUÁLA-T	
Descrición do programa	Eliminar as desigualdades e pór en valor a diversidade afectivo sexual e de identidade de xénero, colaborando na construción dunha sociedade mais xusta e igualitaria.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar con asociacións e centros que traballan dende e pola diversidade. - Favorecer a inclusión e a igualdade de oportunidades mediante a utilización de diferentes ferramentas tecnolóxicas - Incrementar a implicación das familias nas dinámicas do Centro. - Buscar que o noso alumnado sexa promotor da igualdade, de relacións afectivas sas e construtivas, sendo quen , por unha parte, de detectar as manifestacións de violencias machistas e, por outra, de denuncialas.
Cursos implicados	Todos
Temporalización	1º T ☒ 2º T ☒ 3º T ☒
Indicador	Todas as clases participaron, como mínimo, en 2 actividades ao longo do curso.
Responsables	Todo o claustro.



Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexionar sobre a diversidade de familias que existen. Para isto afondarase nas diferencias que existen entre o propio alumnado e como esas diferencias xeran desigualdades ao tempo que poñemos en valor a defensa dos Dereitos Humanos. - Analizar as características comúns en todos os tipos de familias, expresando, mediante a linguaxe oral, sentimentos, vivencias e desexos. - Traballar o ODS 4, vinculado á educación de calidade, e ODS 5, asociado á igualdade de xénero. - Realizar actividades sistematizadas, obradoiros, charlas, contacontos... que involucren a todo o profesorado o 25 N e o 8 M, con actividades concretas como a análise de titulares , previamente seleccionados. O Día do Libro traballaranse autoras e referentes femininos de diferentes temáticas. - Visionar e analizar vídeos e material audiovisual.
--------------------	--

Liña de actuación: CONVIVE-T			
Descrición do programa	Xerar un clima de seguridade, respecto e confianza no contexto escolar buscando a mellora da convivencia en todos os sectores da comunidade educativa.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Minimizar as incidencias que, sobre todo, teñen lugar no tempo de lecer. - Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre todos os membros da comunidade educativa. - Incrementar a implicación das familias nas dinámicas do Centro. 		
Cursos implicados	Todos		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Reducción do número de procedementos correctores con respecto ao curso pasado.		
Responsables	Todo o claustro.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Obradoiros e charlas do Concello sobre habilidades sociais. - Plan Director, charlas sobre o uso das TICs, violencia de xénero e acoso escolar. Para o alumnado e as familias. - Utilización de recursos, videos, textos, cancións... do programa de educación responsable e outros, para traballar a mellora da convivencia. - Celebración de datas conmemorativas relacionadas coa convivencia, como son o día dos dereitos dos nenos/as, día da Paz, dos dereitos humanos... - Introducción a técnicas de mediación para o alumnado de 5º e 6º. 		



Liña de actuación: INCLÚE-T			
Descrición do programa	Traballar para eliminar as barreiras derivadas das condicións persoais ou sociais do alumnado, das familias ou de outros membros da comunidade.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Favorecer a inclusión e a igualdade de oportunidades mediante a utilización de diferentes ferramentas tecnolóxicas. - Colaborar con asociacións e centros que traballan dende e pola diversidade. - Concienciar ao noso alumnado da diversidade que existe no centro, e por extensión na sociedade, desenvolvendo a mellora da súa empatía cara os demais. 		
Cursos implicados	Todos		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Leváronse a cabo alomenos 1 actuación para cada obxectivo plantexado.		
Responsables	Todo o claustro.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Aumentar a participación das familias na escola de nais e pais. - Ofrecer ao alumnado actividades de lecer no centro sen coste para as familias. - Participación en actividades conxuntamente con centros e asociacións que traballan na diversidade funcional. - Organización de actividades que favorezan espazos e tempos igualitarios e inclusivos. - Celebración das datas conmemorativas, como son o día dos dereitos dos nenos/as, día da Paz, dos dereitos humanos... 		

Liña de actuación: EMOCIONA-T			
Descrición do programa	Poñer o foco no benestar e progreso social, no recoñecemento das emocións (propias e alleas) e a xestión das mesmas.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre todos os membros da comunidade educativa. - Incrementar a implicación das familias nas dinámicas do Centro. 		
Cursos implicados	Todos		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Realizar un mínimo de tres actuacións ao longo do curso.		
Responsables	Todo o claustro.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Prácticas para rebaixar ou eliminar a tensión física e mellorar a atención e concentración. - Actividades de educación emocional (identificación e control) seguindo o programa de Educación Responsable - Dinámicas de cohesión nas aulas. - Dinámicas de mediación e resolución de conflitos. - Actividades de expresión emocional : plásticas, literarias ou de expresión corporal 		



CP INNOVA

Liña de actuación: EDUsaúde			
Descrición do programa	Impulsar a actividade física xunto con hábitos alimenticios saudables para que se introduzan nas súas rutinas diarias e sexan mantidos ao longo da vida.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a práctica de actividade física. - Concienciar ao alumnado da importancia dunha alimentación saudable. - Cambiar hábitos nocivos por outros que redunden nunha mellor calidade de vida. - Relacionar a práctica de actividade física cunha mellora no estado de ánimo. - Dar a coñecer modelos positivos de estilos de vida saudable. Implicar a toda a comunidade educativa nas modalidades a traballar. 		
Cursos implicados	Todos		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	- Grado de satisfacción do alumnado coas actividades plantexadas.		
Responsables	Mestres de Educación Física		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar as merendas saudables. Elaboración dunha recomendación de quendas de merendas saudables. - Froita e zume na escola. Consumir froita e zume proporcionado polo centro. - Programa "Hora do movemento". Incluir 10 min de actividade física no horario de cada día. A través de diversas técnicas como serán a mobilidade articular, baile, relaxación, activación física... - "O altofalante itinerante". Un altofalante, onda soarán listas de música elaboradas polo alumnado, estará os venres nunha zona do patio, para facer os recreos máis dinámicos e divertidos. - Ligas deportivas nos recreos. - Charlas e obradoiros sobre saúde e benestar físico e emocional. - Encontros con deportistas ou clubs deportivos. - Difusión das actividades realizadas no centro en relación con EDUsaúde. 		

Liña de actuación: EDUsostibilidade	
Descrición do programa	Adquirir os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible, e fomentar a sensibilización na procura da participación activa do alumnado á hora de afrontar o cambio climático.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a reflexión sobre os aspectos ambientais que determinan a responsabilidade no consumo. - Identificar os riscos medioambientais derivados das conductas do ser humano.



	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as implicacións na vida das persoas (saúde, economía, movementos migratorios, conflitos) dos problemas medioambientais. - Desenvolver iniciativas que promovan comportamentos ambientalmente sostibles nos ámbitos próximos (colexio, familia, entorno) que redunden na súa preservación e mellora. - Colaborar coa comunidade (veciños, concello, empresas e demais centros educativos) na promoción dos valores do desenvolvemento sostible. - Tomar conciencia da elevada produción de lixo e recoñecer a problemática que iso supón. - Poñer en práctica os principios da redución, reutilización e reciclaxe para a xestión dos residuos urbanos, aprofundando na compostaxe como recurso valioso. - Coñecer a importancia que teñen as árbores autóctonas no equilibrio ecolóxico así como no sustento da fauna e especialmente das aves. - Coñecer as especies forestais foráneas máis daniñas para o equilibrio ecolóxico e os riscos que comportan.
Cursos implicados	Todos
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Alumnado máis concienciado coa reciclaxe e cos problemas medioambientais. - Participación de todo o alumnado nas actividades propostas.
Responsables	- Mestre de Educación Musical
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Actuación das Ecopatrullas: actividades no centro para a redución, reutilización e reciclaxe de residuos. - Visibilización e reflexión sobre os resultados observados nas tarefas de limpeza dos patios. - Reactivación do composteiro e recollida selectiva de lixo. - Concienciación sobre os perigos medioambientais máis importantes: cambio climático, emerxencia climática, pegada ecolóxica, déficit hídrico, etc. - Encontros con persoal de ONG vinculadas a traballos en zonas con conflitos derivados de problemas medioambientais. - Encontros con entidades e empresas vinculadas á redución da pegada de carbono nos grandes eventos. - Repoboación de montes da contorna afectados polo lume. - Campañas de concienciación nas familias sobre aspectos relacionados co consumo enerxético e demais recursos naturais, así como coa xestión de residuos. - Colaboración coas entidades locais e centros educativos cercanos na promoción de condutas ambientalmente sostibles. - Promoción da mobilidade sustentable (desprazamento ao centro a través do camiño escolar, uso da bicicleta, transporte escolar, uso compartido de vehículos por parte do profesorado). - Exposición de traballos e realización de actividades relacionadas coa sostibilidade (vídeos, podcasts, etc).

23. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan Director			
Descrición do programa	Plan para a convivencia en liberdade e a protección da integridade física e moral de toda a comunidade educativa.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Levar a cabo medidas dirixidas á sensibilización, prevención e detección precoz de situacións de risco relacionadas coa seguridade dos nenos, nenas e adolescentes nos centros educativos e nos seus entornos, fortalecendo a cooperación policial coas autoridades educativas nas súas actuaciónes para mellorar a convivencia e a seguridade no ámbito escolar. - Contribuír á mellorar o coñecemento dos nenos, nenas e adolescentes sobre as distintas formas de violencia e factores de risco aos que poden estar expostos e alertar sobre os seus posibles consecuencias, impulsando a celebración de actividades formativas e informativas e conferencias nos centros educativos dirixidas ao alumnado e ao resto da comunidade educativa e impartidas por profesionais policiais, expertos na materia. 		
Cursos implicados	5º e 6º		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	10% das familias do centro asisten á charla.		
Responsables	Xefatura de Estudos.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Charla de membros da Policía Nacional para o alumnado de 5º e 6º. - Charla de membros da Policía Nacional para as familias. 		

Plan/Proxecto: Promociona (Secretariado Xitano)			
Descrición do programa	Colaboración coa entidade Secretariado Xitano para a mellora do éxito educativo.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitar a transición entre etapas educativas obrigatorias, a permanencia no sistema educativo e a promoción a estudos superiores. - Xerar e potenciar as condicións necesarias para propiciar o éxito da comunidade educativa: alumnado, familias, centro educativo, axentes sociais e comunidade. 		
Cursos implicados	Todos os cursos		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- Leváronse a cabo as reunións trimestrais coa Fundación para o seguemento.		
Responsables	Departamento de Orientación e Equipo Directivo.		
Actividades	- As propostas no convenio asinado.		

Proxecto Lexxit			
Descrición do programa	Programa de Lectura para o Éxito Educativo.		
Obxectivos	- Traballar con nenos e nenas que teñen dificultades coa lectura e a súa comprensión, mediante a lectura compartida con persoas voluntarias.		
Cursos implicados	4º, 5º e 6º		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- Mellora da fluidez lectora do alumnado participante (valoración do titor/a).		
Responsables	Departamento de Orientación e Equipo Directivo		
Actividades	- 1 hora de sesión de lectura semanal durante todo o curso académico. Organízanse en parellas de 1 X 1 (1 alumno/a e 1 persoa voluntaria) nun espazo de confianza, e cunha vinculación enriquecedora e motivadora, onde a lectura se converte no elemento de conexión.		

24. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

As instalacións do CEP Marcos da Portela empréganse fóra do horario lectivo de acordo coa lexislación, o Consello Escolar é o órgano que establece os criterios para o seu uso.

Está aprobada a autorización do seu uso nos seguintes casos:

- Actividades propostas pola ANPA: uso das pistas polideportivas, ximnasio, espazos de uso común para actividades extraescolares, probas deportivas, festas, reunións...
- Actividades propostas pola FANPA: obradoiros, campamentos de verán...
- Actividades organizadas ou propostas polo Concello: espazos para ludoteca, para campamento deportivo de verán, actividades das escolas deportivas municipais...
- Actividades organizadas por entidades culturais ou deportivas e asociacións con implantación no contorno do centro.
- Sede electoral.
- Outras solicitudes deberán presentarse ao Consello Escolar para o seu estudo e seguir os trámites que a lexislación establece.

As solicitudes tramitadas para o presente curso son:

Instalación: Ximnasio e Pavillón			
Entidade que a usa	Clube de Taekwondo Taekanart		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	L-Mi-V de 17:00h a 21:30h Ma-X de 20:00h a 21:30h Sábados de 16:00h a 21:30h Ximnasio: Ma-X de 17:00h a 18:00h		

Instalación: Pavillón		
Entidade que a usa	Clube de Ximnasia rítmica Xiada	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais <input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Luns, de 17:10h a 20:40h Martes, de 17:05h a 21:00h Mércores, de 17:05h a 20:30h Xoves, de 17:05h a 21:00h Venres, de 17:05h a 20:30h Sábado, de 10:00h a 12:00h	

Instalación: Ximnasio e Pavillón		
Entidade que a usa	Clube de Tenis de Mesa de Monte Porreiro	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais <input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Martes, de 16:00h a 18:00h Xoves, de 16:00h a 17:30h Sábado, de 12:00h a 14:00h	

Instalación: Ximnasio e Pavillón		
Entidade que a usa	Asociación Meniños (Programa Lecxit)	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais <input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Martes, de 16:00h a 17:00h	

CADRO DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

As actividades extraescolares que a ANPA o Miradoiro pon ao servizo da comunidade educativa son as que se detallan a continuación:

ACTIVIDADE	LOCALIZACIÓN	DÍA	HORARIO	PREZO
TAEKWONDO TAEKANART	PAVILLÓN MARCOS DA PORTELA	LUNS E MÉRCORES	16:00 A 17:00H	21€ NO SOCIO 17€ SOCIO
TENIS DE MESA	PAVILLÓN MARCOS DA PORTELA	MARTES E XOVES	16:00 A 17:00H	21€ NO SOCIO 17€ SOCIO
INGLÉS	ACADEMIA DI+	MARTES 1º E 2º MARTES 3º E 4º MARTES 5º E 6º	16:30 A 17:30H 17:30 A 18:30H 18:30 A 19:30H	25€ NO SOCIO 20€ SOCIO
TÉCNICAS DE ESTUDO	ACADEMIA DI+	LUNS 5º LUNS 6º	16:00 A 17:00H 17:00 A 18:00H	28€ NO SOCIO 23€ SOCIO
CIRCUIT TRAINING FOR KIDS TAEKANART	PAVILLÓN MARCOS DA PORTELA	VENRES	16:00 A 17:00H	19€ NO SOCIO 15€ SOCIO
RÍTMICA CLUBE XIADA	PAVILLÓN MARCOS DA PORTELA	MÉRCORES E VENRES	16:00 A 17:00H	2 DÍAS 19€ NO SOCIO 15€ SOCIO
PISCINA CAMPOLONGO	CAMPOLONGO	ANOTARSE NA ANPA	Iniciación 15:45h Perfeccionamento 16:30 – 17:15h	1 DÍA 40,96€ CUATRIMESTRE
ACTIVIDADES PARA ADULTOS/AS				
ARTES MARCIAIS ADULTOS	PAVILLÓN MARCOS DA PORTELA	MARTES E XOVES	20:00 A 21:00H	17€ SOCIO 28€ NO SOCIO
PILATES ADULTOS	PAVILLÓN MARCOS DA PORTELA	MARTES E XOVES	21:00 A 22:00H	17€ 1 DÍA 30€ 2 DÍAS SOCIOS

Ademais, a ANPA O Miradoiro participa activamente en todas as actividades que se promoven no centro, sendo unha asociación moi comprometida coa vida escolar e con todos os sectores da comunidade educativa.

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A PXA é un instrumento eficaz e dinámico que marca as pautas de traballo e convértese así nun elemento avaliador continuo. Ao finalizar cada trimestre e, principalmente, ao final de curso o Claustro e o Consello Escolar avaliarán o funcionamento do centro e o l grao de cumprimento da PXA.

Recolleremos na Memoria Final o nivel de logro dos obxectivos fixados na PXA e dos resultados obtidos na programación docente, así como as propostas de mellora derivadas da avaliación dos distintos plans e proxectos.

Atenderemos ao seguintes criterios:

- Valoración do proceso de ensino-aprendizaxe (realízase trimestralmente nas sesións de avaliación):

Análise das condicións materiais, persoais e funcionais.

Desenvolvemento do Currículo.

Resultados académicos do alumnado.

- Valoración da organización e funcionamento do centro (realízase a través da Comisión Pedagóxica mensualmente):

Documentos programáticos

Funcionamento dos órganos do centro

Convivencia escolar

- Valoración das relacións con outras institucións.
- Valoración dos plans e programas:

PXA

PE

PLAN DE CONVIVENCIA

PROXECTO LECTOR

PROXECTO LINGÜÍSTICO

PFPP

PLAMBE

EDIXGAL

CONTRATOS-PROGRAMA

PROXECTA +